



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

65

Moredo, Palas de Rei. Decembro 1980.

♩ : 104

1) Mi-ña ra-pa-za ben fei-ta te-ñoch'o o-lla bo-ta-do
 ti has de ser mi-ña mu-llere ou eu non hei ser ca-sa-do
 to-do po-de ser ver-de' pe-ro pú-ño-cho en du-da
 por-que ti tés moi-tas mo-zas e non ca-sas con nia-ghu-na

variantes estróficas:

2) - 5) 2) - 5)
 2) 4) 5) 3)
 7) 5)
 3) 5) 4) 3) 5)

Palas de Rei 1,2,175. Julia 48.

L: 87.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



“Miña rapaza ben feita
teñocho o ollo botado
ti has de ser miña mullere
ou eu non hei ser casado.”

“Todo pode ser verdá
pero póñocho en duda
porque ti tés moitas mozas
e non casas con ninghuna.”

“Móitar mozas non che teño
solo teño catro ou cinco
pero por ti miña nena
todas as deixo en olvido.”

“Pois non olvides ninghuna
porque non che pagh'a pena
porque eu non che trato mozos
que teñen tanta fachenda.”

“Non te faghas tan soberbia
porque che pode pesar
outras fixeron o mesmo
e quedaron sin casar.”

“Eu soberbia non che son
pero dighocho de verdá
con cinco mozas que tés
ben che deben de cheghar.”

“Esas mozas que che teño
son por rir e pasar tempo
pero contigho quería
tratar o meu casamento.”

“Pois se te queres casar
o tempo vaiche cheghando
e tés ben dond'escoller
porque tés bon arrabaño.”

“Tés cinco mozas na aldea
e sete fillas pequenas
vainas abrazar a todas
e non me tomes o pelo.”

“O mozo todo torcido
foi decindo pó lughar
esta sab'a miña vida
xa non a podo enghañar.”